

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 16 de maio de 2013 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece a competencia plena para regular e administrar o ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (BOE do 4 de maio), de educación, establece nos seus artigos 39 a 44 os principios xerais, obxectivos, contidos, títulos e validacións da formación profesional integrada no Sistema educativo español, e concretamente no artigo 42 determina que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece no seu artigo 9, que a formación profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, así como as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e a actualización permanente das competencias profesionais.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do Sistema educativo de Galicia, dispón no seu artigo 15 que o currículo dos ciclos formativos incluírá un módulo de formación en centros de traballo que non terá carácter laboral.

Polo exposto, e considerando que a formación práctica en centros de traballo ten un gran valor didáctico e pedagóxico por achegar o alumnado ao mundo sociolaboral en que se vai desenvolver a súa futura vida profesional, cómpre incluír este programa como unha das accións que hai que promover cara ao cumprimento dos acordos sobre medidas para o crecemento do emprego en Galicia.

A mobilidade transnacional das persoas que desexan formarse ou contribuír a actividades de formación noutros países permite a mellora das competencias sociais dos indi-



viduos mediante a aprendizaxe da comunicación e a vida en sociedade, aumenta o respecto á diversidade e fomenta o aumento das competencias lingüísticas e profesionais. A realización, total ou parcial, da formación en centros de traballo noutros países contribúe a adquisición destas competencias.

No ámbito profesional, a mobilidade é un medio privilexiado de lograr un espazo de emprego e traballo europeo, xa que lle dá a cada individuo a posibilidade de adquirir coñecementos teóricos, prácticos e de comportamento e, dun xeito máis amplo, competencias e cualificacións adaptadas ao espazo sen fronteiras da Unión Europea.

Tendo en conta a importancia desta formación e coa finalidade de compensar parcialmente os gastos extraordinarios que se producen no desenvolvemento das prácticas formativas en centros de traballo para o alumnado, considérase necesario convocar axudas económicas.

De acordo coas competencias que ten conferidas, esta consellería

#### DISPÓN:

##### Artigo 1. *Obxecto da convocatoria*

Convocar axudas económicas para a realización da formación práctica en centros de traballo (FCT) en réxime de concorrencia non competitiva, nas seguintes modalidades:

1. Modalidade A. Alumnado matriculado en ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional, módulos profesionais experimentais, artes plásticas e deseño, ensinanzas deportivas e programas de cualificación profesional inicial e que realice a FCT dentro do territorio español.

2. Modalidade B. Alumnado matriculado en ciclos formativos de grao medio ou superior de formación profesional inicial ou nun ciclo formativo de artes plásticas e deseño e que realice a FCT en países da Unión Europea.

##### Artigo 2. *Requisitos*

1. Poderá concorrer a esta convocatoria o alumnado matriculado en centros públicos desta comunidade autónoma e, no caso dos centros privados, o alumnado matriculado en



ensinanzas concertadas coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que estea cursando o derradeiro curso dun ciclo formativo de grao medio ou superior de formación profesional, ciclo formativo de grao medio ou superior de Artes Plásticas e Deseño, módulo profesional experimental de nivel II, nivel de ensinanzas deportivas ou un programa de cualificación profesional inicial.

2. O alumnado que concorra a esta convocatoria de axudas deberá rematar o período de formación práctica en centros de traballo antes do 31 de decembro de 2013

3. Non poderá ter a condición de beneficiario das axudas previstas nesta orde o alumnado que incurra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

### Artigo 3. *Solicitudes*

1. O alumnado que reúna os requisitos para participar nesta convocatoria presentará a seguinte documentación:

- Solicitud normalizada segundo o anexo I desta orde.
- Certificado do domicilio de residencia durante o período de realización da FCT, segundo o anexo II desta orde.
- No caso de non dar o consentimento para a comprobación telemática do DNI ante o Ministerio da Presidencia, segundo establece o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, fotocopia do DNI.
- Certificación do centro educativo segundo o anexo III.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Cultura, Educación



e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 4. *Prazo e lugar de presentación de solicitudes.*

Convócanse dous períodos de presentación de solicitudes:

1. Primeiro prazo, 31 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, para o alumnado que realizase a FCT nos períodos, outubro 2012-marzo 2013, e nos períodos xaneiro-xuño, xaneiro-marzo e abril-xuño de 2013. Todo o alumnado deste prazo deberá rematar o período da FCT antes do 31 de agosto de 2013. Tamén se acollerá a este prazo o alumnado matriculado no primeiro curso dun programa de cualificación profesional inicial no curso 2012/13.

O alumnado ao cal lle corresponda realizar a FCT no período de setembro-décembro de 2013 e que anticipase o período de FCT non se acollerá a este primeiro prazo.

2. O segundo prazo será o comprendido entre o 14 de outubro e o 14 de novembro de 2013, para o alumnado de ciclos formativos ao cal lle corresponda realizar a FCT no período de setembro-décembro de 2013 e o alumnado matriculado nun programa de cualificación profesional inicial que realice a FCT no período extraordinario de setembro de 2013. Este alumnado deberá rematar obrigatoriamente o período de formación en centros de traballo antes do 31 de decembro de 2013. O alumnado que teña horario flexible con autorización da Dirección Xeral e remate despois do 31 de decembro de 2013 acollerase a seguinte convocatoria de axudas.

3. As solicitudes xunto co resto da documentación requirida presentaranse no centro educativo onde o alumnado estea matriculado no momento de realizar a formación en centros de traballo. Todos os documentos teñen que ser xerados a partir da aplicación informática [www.edu.xunta.es/fct](http://www.edu.xunta.es/fct), polo que os anexos desta orde só serven para efectos informativos.

Artigo 5. *Orzamento*

1. O importe total das axudas económicas efectuarase con cargo ao concepto orzamentario 09.50.422M.480.0 dentro do exercicio orzamentario do ano 2013, da Dirección Xeral



de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ata un importe máximo de 720.000 euros (setecentos vinte mil euros). Esta contía poderá incrementarse na medida en que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio económico do ano 2013, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se a contía total da suma das solicitudes supera o crédito de que se dispón, queda autorizada a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para axustar proporcionalmente os importes solicitados por cada solicitante, de xeito que a suma total dos importes de todos os solicitantes de Galicia non supere a contía do crédito dispoñible.

Reservarase un 65 % do orzamento para o primeiro prazo, un 35 % para o segundo, e será acumulable o orzamento excedente da cada período para o seguinte.

Artigo 6. *Contía da axuda e número de xornadas.*

1. Contía da axuda.

a) O alumnado que realice a FCT na modalidade A percibirá:

1) Ata un máximo de 75 € cando se dea algún dos seguintes casos:

- O concello do centro de traballo é o mesmo que o concello do centro educativo.
- O concello do centro de traballo é o mesmo que o concello do domicilio do alumno.

2) Ata un máximo de 186 € para o resto dos casos.

A contía de cada alumno será en función do número de xornadas realizadas no módulo de FCT do ciclo correspondente.

Todo o alumnado deberá entregar cuberto o anexo II indicando o domicilio de residencia durante o período de realización da FCT.



b) O alumnado que realice a FCT na modalidade B, percibirá a axuda tendo en conta os criterios seguintes:

País	Contía base	Contía por semana
Portugal	100 €	60 €
Francia, Reino Unido, Italia, Alemaña, Bélxica, Luxemburgo, Holanda, Romanía, Malta, Bulgaria, Irlanda	150 €	100 €
Dinamarca, Hungría, Austria, R. Checa, Eslovaquia, Eslovenia, Suecia, Finlandia, Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, Grecia, Chipre	200 €	125€

A contía base é para todo o alumnado con independencia das semanas de estadía no estranxeiro.

## 2. Número de xornadas.

O número mínimo de xornadas que se deben realizar para percibir esta axuda será do 80 % das correspondentes a cada ensinanza.

O límite máximo de xornadas obterase dividindo entre oito o número de horas do módulo de FCT que lle corresponda realizar.

Para o alumnado que realice a FCT en xornada de horario flexible, segundo o artigo décimo cuarto, letra f) da Orde do 28 de febreiro de 2007, o máximo de xornadas será o correspondente ás da ensinanza que se curse e só será posible acollerse á orde de axudas que regule o período final das súas prácticas, se estas se prolongan ao longo de máis dunha convocatoria de axudas.

Ao alumnado que realice a FCT fóra do territorio español e non complete o número total de horas do módulo de FCT do ciclo formativo correspondente deberá completar as restantes horas dentro do territorio español con anterioridade ou posterioridade.

Ao alumnado que realice a FCT fóra do territorio español e teña concedida ou solicitada calquera outra axuda para a mesma finalidade concederáselle o 50 % da axuda correspondente ás xornadas realizadas fóra do Estado español e a parte proporcional da axuda das xornadas realizadas dentro do territorio español, sempre dentro do límite establecido no artigo 12.



### Artigo 7. *Documentación que tramitarán os centros*

1. Os centros educativos utilizarán para a xestión destas axudas a aplicación informática que determine e subministre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e, ademais, proporcionaranlle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa todos aqueles documentos ou datos previstos nesta orde, nas distintas normas reguladoras do desenvolvemento da FCT ou nas instrucións remitidas aos centros.

2. A dirección do centro cargará os datos e tramitará todos os documentos a través da páxina web <http://www.edu.xunta.es/fct>, da cal se obterá unha listaxe provisional de todo o alumnado que solicita axuda no seu centro. Esta listaxe provisional de solicitantes, coa indicación da contía que lle corresponde a cada alumno, asinada polo director e o secretario, deberá ser publicada no taboleiro de anuncios do centro o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

3. O centro abrirá un prazo de dez días naturais, contados a partir da publicación da listaxe provisional, para a presentación de reclamacións por parte dos solicitantes.

4. Rematado o prazo de reclamacións, a dirección do centro resolverá e elaborará unha listaxe definitiva de solicitantes, asinada polo director e o secretario, que fará pública no taboleiro de anuncios do centro.

5. O centro, a través do coordinador de FCT, unha vez finalizada a formación en centros de traballo, indicará na aplicación informática o alumnado que ten dereito á axuda.

6. Posteriormente, o director e o secretario certificarán a relación do alumnado que realizou as prácticas, cos importes que lle corresponda a cada un e o total. A dita certificación será enviada á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa no prazo indicado nas instrucións que enviará aos centros a Dirección Xeral segundo se indica no artigo 8, número 2).

### Artigo 8. *Envío de documentación*

1. A dirección do centro enviará á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a seguinte documentación en papel:

- a) Solicitudes orixinais (anexo I).
- b) Certificado de residencia (anexo II)





c) Fotocopias do DNI, de ser o caso.

d) Certificación do centro educativo (anexo III).

e) No caso de centros privados con ensinanzas concertadas, aceptación de participación como entidade colaboradora na xestión das axudas (anexo IV).

f) Se é o caso, declaracións responsables complementarias segundo dispón o artigo 11 desta orde.

g) Certificación de realización das prácticas.

2. O prazo de envío da documentación será o indicado nas instrucións correspondentes a cada período de presentación de solicitudes. Para tal efecto, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa enviaralles aos centros educativos e publicará na páxina web [www.edu.xunta.es/fct](http://www.edu.xunta.es/fct) as ditas instrucións.

#### Artigo 9. *Adxudicación das axudas*

Á vista das certificacións dos centros e do crédito dispoñible, a Dirección Xeral elaborará a correspondente proposta de adxudicación das axudas e enviaralla á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que proceda, e nos termos previstos no artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### Artigo 10. *Comunicación e publicación das axudas*

1. Mediante orde da persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicarase o anuncio da exposición das listaxes definitivas das persoas beneficiarias, coa indicación da contía que lle corresponde a cada alumno, no *Diario Oficial de Galicia*. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consonte co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





2. As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de cinco meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de solicitudes.

#### Artigo 11. *Pagamento das axudas*

1. As axudas faranse efectivas nun só pagamento directamente á persoa beneficiaria, a través da conta bancaria indicada para tal efecto.

2. O beneficiario presentará no centro, no momento da finalización da FCT, unha declaración responsable complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

3. O beneficiario está obrigado a comunicarlle á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

#### Artigo 12. *Compatibilidade das axudas*

Estas axudas son compatibles con outras de carácter xeral, aínda que o importe total recibido nunca poderá superar illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da actividade subvencionada.

#### Artigo 13. *Perda das axudas*

1. A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, ademais das responsabilidades que proceda, seguindo o procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do citado Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras



administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### Artigo 14. *Obrigas dos beneficiarios*

1. O beneficiario está obrigado ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, logo do procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do citado Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. O beneficiario está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lles correspondan.

3. Para os efectos do artigo 31.7 da Lei 9/2007 utilizarase a declaración responsable recollida no artigo 2.4 desta orde. De transcorrer máis de 6 meses desde a presentación da declaración incluída no anexo I desta orde, o beneficiario ten a obriga de presentar unha nova declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

#### Artigo 15. *Adaptación*

Esta orde adáptase ás normas que lle son aplicables da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás que figuran no regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### Disposición adicional

Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as persoas solicitantes deberán autorizarlle expresamente á Administración outorgante a inclusión e publicidade nos rexistros regulados no citado decreto dos datos básicos relevantes referidos ás axudas recibidas.

A reserva que o petionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por



escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido, segundo dispón o número 2 da citada disposición adicional.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Réxime de recursos*

Contra esta orde, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consonte co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS ECONÓMICAS PARA A FORMACIÓN PRÁCTICA EN CENTROS DE TRABALLO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED202A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/NIE
NACIONALIDADE	ENDEREZO	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

<b>NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

<b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)</b>			
ENDEREZO	LOCALIDADE		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	

<b>ESTUDOS QUE REALIZA E AXUDA QUE SOLICITA</b>							
CÓDIGO DA ENSINANZA				DENOMINACIÓN DA ENSINANZA			
Nº DE XORNADAS		CONTÍA AXUDA			CONTÍA TOTAL		
		UNIÓN EUROPEA					
ESPAÑA	UNIÓN EUROPEA	ESPAÑA	CONTÍA BASE	€ POR SEMANA	ESPAÑA	UNIÓN EUROPEA	

<b>DATOS BANCARIOS</b>					
NOME DA ENTIDADE BANCARIA	CÓDIGO ENTIDADE	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO CONTROL	Nº CONTA	





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I  
(continuación)

DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE

O/a alumno/a  con NIF  declara baixo a súa responsabilidade:

- Non incumpre as condicións sinaladas no apartado 2º do artigo 10 da Lei 9/2007 para ser beneficiario desta axuda.
- Déclarase responsable de que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Ten concedida ou solicitada outra axuda para realizar a FCT fóra do territorio español  Erasmus / Leonardo  Outras
- Que non percibe ningunha axuda das diferentes administracións públicas e competentes, polo mesmo ou similares conceptos para os que se formula a presente solicitude.
- As únicas axudas que percibe son as seguintes:

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- SI  NON (No caso de non dar esta autorización debe anexar copia do DNI)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas pudiesen imponerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 16 de maio de 2013 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo.

SINATURA DE LA PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de



DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





## Declaración do domicilio de residencia durante o período de realización da FCT.

O/A alumno/a

con DNI

declara baixo a súa responsabilidade que o domicilio de residencia durante o período de realización da FCT pertence ao concello de

Indíquese o concello no caso de non ser correcto.  
Concello de residencia:

Nota: A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos solicitantes que incorran en tal situación e a devolución do total da contía percibida, ademais das responsabilidades ás que houber lugar, segundo se indica no artigo 13.1 da orde de convocatoria.

Lugar e data

 ,  de  de O/A alumno/a  
Sinatura

DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA





## CERTIFICACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

D/ D<sup>a</sup>  director/a inspector/a do centro

código do centro  , localizado en  , provincia de

certifico: que o/a alumno/a está matriculado neste centro e nos estudos para os que solicita axuda e que os datos que figuran no Anexo I foron cotexados cos documentos correspondentes. En consecuencia, está conforme con esta solicitude.


(\*) O/A director/a / O/A inspector/a

Selo

Lugar e data

,  de  de

(\*) Nos centros públicos, a conformidade do/a director/a do centro. Nos centros privados con ensinanzas concertadas, o/a inspector/a correspondente.



DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA







XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO IV

Aceptación de participación como entidade colaboradora na xestión das axudas (só para centros privados con ensinanzas concertadas)

## DATOS DO CENTRO

DON / DONA		<input type="text"/>	
DIRECTOR/DIRECTORA DO CENTRO		CÓDIGO DO CENTRO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

## Aceptación de participación como entidade colaboradora na xestión das axudas

Este centro acepta participar como entidade colaboradora da xestión desta convocatoria de axudas e con esta sinatura asume todas as obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25) e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta lei (DOG do 29 de xaneiro), así como as establecidas na propia convocatoria.

## Lugar, data, sinatura e selo do centro

,  de  de

O/A director/a  
Sinatura



DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

